



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN DAS MATRICULAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2021-2022

Por esta concellaría préstase conformidade ás bases da convocatoria das renovacións das matrículas nas Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007).

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases as renovacións das matrículas nas EDM así como as renovacións que se produzan nos casos de cambio de grupo por idade, cambios das horas que se pretenda renovar motivados por conciliación laboral ou persoal e as situación de AGÁS por non dispoñer en primeira instancia de praza.

Ademais estas bases regularán os casos que se poidan producir durante o curso por solicitudes derivadas de cambios de grupo, falta por conciliación ou enfermidade grave ou moi grave, así como a porcentaxe de asistencia obrigatoria ás EDM durante o curso 2021-2022.

Todas a publicacións relativas a este proceso faranse polos seguinte medios:

- Na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes.
- Nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais.

Asimesmo, poderase obter información no teléfono de información da cidadanía 010.

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida a todo o alumnado matriculado nas EDM no curso 2020-2021 e no curso 2019-2020 cando se trate de actividades desenvolvidas na piscina municipal de Riazor, tanto as xestionadas directamente pola concellaría de Deportes como as que se xestionan a través das empresas concesionarias do Complexo Deportivo Municipal de San Diego e da Piscina Municipal de San Amaro, **sempre e cando o dito alumnado desexe renovar a súa matrícula para o curso 2021-2022.**



3. NORMAS RELATIVAS Á RENOVACIÓN

3.1 DEREITO Á RENOVACIÓN – RESERVA DE PRAZA

Terán dereito a renovar nas EDM todas as persoas que figuran inscritas como alumnado, tanto nas actividades de seco do curso 2020-2021, como nas actividades de piscina do curso 2019-2020 que non puideron formalizar a súa matrícula no actual curso debido ás obras que se están a realizar na piscina municipal de Riazor.

Debido á situación sanitaria Covid-19, o dereito á renovación é independente da porcentaxe de faltas de asistencia que se tivera durante o último curso ao que asistiu o alumnado.

Soamente se poderá renovar cando a actividade na que se estivera matriculado teña continuidade no curso 2021-2022 e cando a persoa inscrita no anterior curso cumpra co requisito de idade e condición física necesarias para realizar a actividade.

Renovarase nas actividades coa frecuencia e número de persoas por grupo que correspondería nunha situación normal. Non obstante, no caso de que a situación sanitaria obrigara a variar as frecuencias e número de persoas por grupo de algunha ou todas as actividades das EDM 2021-2022, o Servizo Municipal de Deportes comunicarlle ao alumnado os cambios. Nese caso, o alumnado terá dereito á devolución da parte proporcional da taxa que corresponda polo servizo non prestado. Para obter a devolución da taxa será preciso que se solicite por rexistro dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.

Publicarase unha listaxe de todas as actividades das EDM e do alumnado ao que se lle vai reservar a praza para o seguinte curso e polo tanto, do alumnado que terá dereito a renovación.

No caso de que se deba realizar un cambio de grupo por idade ou nos casos de AGÁS, a coordinación das EDM asignarlle unha actividade a esas persoas noutro grupo sempre e cando iso sexa posible.

A listaxe publicarase o día 22 de marzo de 2021 e contra a dita listaxe poderanse efectuar as alegacións que se estimen oportunas ata o día **25 de marzo de 2021**. As alegacións deberanse realizar por rexistro dirixidas ao Servizo Municipal de Deportes.

Ao mesmo tempo, as persoas interesadas poderán chamar ao número 981 18 98 00 e consultar o estado da súa renovación.

3.2 DATAS PARA EFECTUAR AS RENOVACIÓNS

Debido á Covid-19, e co fin de garantir que no procedemento de renovación non se realicen concentracións de persoas, estableceranse dous períodos diferenciados para realizar as renovacións, en función das actividades:



RENOVACIÓN DAS ACTIVIDADES DE PISCINA: do 5 de abril ao 21 de maio de 2021. Os cambio de grupo por idade ou AGÁS faranse do 1 ao 8 de xuño de 2021.

RENOVACIÓN DE ACTIVIDADES EN SECO: do 5 de xullo ao 20 de agosto de 2021. Os cambios de grupo por idade ou AGÁS faranse do 1 ao 8 de setembro de 2021.

RENOVACIÓN DE TODAS AS ACTIVIDADES DE SAN DIEGO E SAN AMARO: do 5 de xullo ao 20 de agosto de 2021. Os cambios de grupo por idade ou AGÁS faranse do 1 ao 8 de setembro de 2021.

Estas renovacións faranse nos devanditos centros, dentro do horario de atención ao público deses centros.

A listaxe das persoas con dereito a renovación serán publicadas polas empresas concesionarias.

3.3 LUGAR E HORARIOS DE RENOVACIÓN

RENOVACIÓN DAS ACTIVIDADES DE PISCINA

Nos rexistros dependentes da Concellaría de Deportes situados na Cidade Deportiva de Riazor e na Cidade deportiva da Torre Arsenio Iglesias, en horario de atención ao público de **08:15 a 14:00 horas**.

RENOVACIÓN DAS ACTIVIDADES EN SECO

Nos rexistros dependentes da Concellaría de Deportes situados na Cidade deportiva de Riazor e na Cidade deportiva da Torre Arsenio Iglesias, en horario de atención ao público de **08:15 a 13:00 horas**. Excepto na primeira semana completa de agosto (Semana Grande) onde o horario será de **08:15 a 12:30 horas**.

3.4 CAMBIOS DE GRUPO POR IDADE E AGÁS

Cambio de grupo por idade: Sempre que se reúnan todos os requisitos establecidos, permitirase a continuidade na mesma modalidade deportiva de EDM ao alumnado que por idade deba cambiar de grupo, a condición de que sexa posible polo número de prazas existentes.

En razón a iso, exceptúanse os grupos correspondentes a (**clasificados como AGÁS**):

Alumnado **de Natación de 9 a 11 anos**, con cambio a **Natación de 12 a 17 anos**. (Piscina Municipal de Riazor)

AGÁS EDM: o alumnado dos grupos numerados como AGÁS intentarase ubicar en grupos con prazas dispoñibles.



No caso de que non se poidan ubicar todos/as os/as alumnos/as que están en situación de AGAS, realizarase un sorteo e publicarase o resultado. As persoas que non obteñan praza poderán acudir a convocatoria libre no mes de setembro.

O procedemento do sorteo (sempre e cando sexa necesario) será o seguinte:

- Ordenarase por orde alfabética de apelidos. No caso de apelidos compostos ou con preposicións, só se terá en conta a primeira letra do apelido composto e non se terá en conta nunca a letra pola que empeza a preposición.
- Sacaranse dúas letras ao azar, sendo a primeira letra extraída a que corresponda co primeiro apelido e a segunda extraída a que corresponda co segundo apelido.
- Cubriranse as prazas libres seguindo a orde alfabética que corresponde en función das letras extraídas.

A data do sorteo, de ser preciso, publicarase na páxina web.

As renovacións nestes casos farase, unha vez publicada a listaxe ou acordado co alumnado o grupo no que se vai incluír, nas datas indicadas no apartado 3.2.

3.5 PAGO DA TAXA CORRESPONDENTE

Para que a renovación sexa efectiva o alumnado deberá pagar a taxa correspondente de acordo co previsto na Ordenanzas Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

A Ordenanza contempla tarifas reducidas por rendemento económico ou IPREM, para o cal deberán aportar a documentación preceptiva **con carácter previo á data de matriculación.**

O pago da taxa poderá realizarse, dentro do prazo de renovación que corresponda segundo a actividade, nos rexistros do Palacio do Deportes de Riazor e da Cidade Deportiva da Torre, en horario de atención ao público.

Para pagar a taxa a persoa **só terá que acudir ao rexistro co NIF e co importe exacto de acordo coa táboa que se publica.**

3.6 RENUNCIA Á PRAZA

As persoas que, rematado o prazo de renovación que corresponda en función da actividade, non fixeran o pagamento da taxa correspondente entenderase que renuncian á praza na que podían renovar.

A dita praza pasará á convocatoria libre e ofertarase no mes de setembro de 2021.



En todo caso, unha persoa que renunciou ou que non renovou unha praza por calquera circunstancia sempre vai poder optar a convocatoria libre por esa ou por outra que saia ofertada.

3.7 LIMITACIÓN NO NÚMERO DE ACTIVIDADES POR ALUMNO/A

Para o curso 2021-2022 establécese a limitación dun máximo de dúas matrículas por alumno/a das EDM (incluíndo todas as actividades realizadas en calquera das IDM). Esta limitación refírese aos casos de renovación nas escolas e de matrícula nova en setembro.

Non obstante, no caso de que durante o curso queden prazas libres, se as ditas prazas se chegasen a convocar pola Concellaría de Deportes, poderanse matricular alumnos/as que xa estean matriculados/as en dúas actividades.

Rematado o curso escolar, cando se vaian realizar as renovacións, o alumnado que supere as dúas matrículas deberá elixir só dúas actividades para renovación.

Exceptúanse desta regra as actividades de recuperación funcional de forma temporal e os casos de natación prenatal.

3.8 TIPOS DE RENOVACIÓNS E NORMAS XERAIS

A renovación realizarase no horario e grupo no que se estea inscrito/a no curso 2020-2021, ou no curso 2019-2020 no caso de actividades de piscina en Riazor.

As listaxe das actividades, frecuencia e número de persoas de cada grupo publícase como Anexo a esta convocatoria.

4 NORMAS XENÉRICAS

- a. Non se permiten solicitudes de cambio de modalidade deportiva nin de cambio de horario.
- b. Idade: A efectos de renovación considérase a idade referida a data 31 de decembro de 2021.
- c. Calendario: de outubro 2021 a xuño 2022.
- d. Para matricularse nos grupos das EDM de Natación de 12-17, +18 e + 60 intenso é requisito saber nadar 25 m. sen tocar fondo nin suxeitarse a medios auxiliares fixos ou móbiles. Para o grupo de natación +18 intenso é preciso saber nadar 100 metros empregando dous estilos.
- e. Para o resto dos grupos non é preciso saber nadar.



f. O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos e -se fose necesario- deixalos sen efecto.

g. Farase un control do uso responsable das EDM, segundo as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

h. O Concello dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra un accidente durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade proposta polo técnico responsable da mesma. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta administración de implantar unha practica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa accidentada con servizos especializados en medicina deportiva.

i. A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.

j. Serán de aplicación as normas de uso das Instalacións Deportivas Municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

k. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

l. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que será responsable do tratamento o Concello da Coruña (e, no seu caso SIDECU GESTIÓN, S.A e CLUB DEL MAR DE SAN AMARO, concesionarias – respectivamente- do CDM San Diego e da piscina municipal de San Amaro), e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nas mesmas e do uso de instalacións. Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen nas Escolas Deportivas sempre que se utilicen para a promoción e difusión de devanditas actividades. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer, segundo os supostos, ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza de María Pita, 1), SIDECU GESTIÓN, S.A. (Parque de San Diego, S/N) e CLUB DEL MAR DE SAN AMARO (Paseo do Club do Mar S/N) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.

m. Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.

n. Coa presentación da solicitude o alumnado debe comprometerse a cumprir co protocolo Covid-19 aprobado polo Concello da Coruña para as EDM así como coa normativa sanitaria en vigor.



5 NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021-2022

5.1 ASISTENCIA OBRIGATORIA

Establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria nas EDM do 60% das sesións lectivas do curso.

O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de falta inferior ao 40% do total das sesións anuais do curso. Esta situación deberá ser excepcional, debendo o alumnado, como norma xeral, asistir ás clases.

Non se requirirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia. Non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada.

No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o/a alumno/a debe causar baixa nas EDM sen dereito a percibir a devolución da correspondente taxa.

5.2 CASOS DE FALTA DE ASISTENCIA POR ENFERMIDADE GRAVE OU MOI GRAVE

Excepcionalmente e por causa de enfermidade grave ou moi grave, poderase permitir que o alumando renove nas EDM a pesar de superar esa porcentaxe de falta de asistencia do 40% sempre e cando esa circunstancia se xustifique debidamente ante o Servizo Municipal de Deportes.

O alumnado que se atope nesa situación durante o curso escolar deberá acudir ante o SMD para valorar a situación de cada caso concreto. Nestes casos solicitarase unha cita por teléfono ou a través da coordinación das EDM coa dirección da instalación deportiva onde asiste á actividade.

Poderase chamar ao teléfono 981 18 98 00, extensión 25037 y 25038.

5.3 CASOS DE FALTA POR MOTIVOS DE CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR

Nos casos de que non se poida asistir ás EDM por motivos familiares ou laborais xurdidos unha vez formalizada a matrícula nas EDM, o/a alumno/a deberá poñelo en coñecemento do SMD, a través do rexistro, e solicitar, se é posible, un cambio de grupo.

Esta circunstancia debe estar debidamente xustificada.



6. NORMAS ESPECÍFICAS MOTIVADAS POLA COVID-19

Debido á situación de emerxencia sanitaria motivada pola Covid-19 e co fin de garantir a seguridade das persoas que van realizar as renovacións, establécense as seguintes normas:

6.1 OBRIGA DE SOLICITAR CITA PREVIA

O alumnado deberá solicitar cita previa antes de acudir a unha oficina de atención ao público. Poderase solicitar cita previa a través da páxina web municipal, www.coruna.gal, ou chamando ao teléfono da coordinación da EDM, 981 18 98 00, Ext. 25037 ou 25038 .

Programarase unha cita previa cada 5 minutos e por matrícula. Unha mesma persoa pode solicitar varias citas para formalizar varias matrículas.

Deberase acudir á cita con puntualidade, de tal forma que non se formen colas.

6.2 OBRIGA DE PAGAR CON IMPORTE EXACTO

Para evitar contaxios, o alumnado deberá acudir ao rexistro co importe exacto da taxa que debe pagar.

Para iso publicarase unha táboa na páxina web www.coruna.gal/deportes onde figuran todos os importes en función da idade.

6.3 OUTRAS OBRIGAS

- No momento de espera para acceder á instalación deberase gardar a distancia obrigatoria de 1,5 metros.
- É obrigatorio levar máscara en todo momento.
- Antes de entrar na instalación tomarase a temperatura da persoa que acuda ao rexistro, e non se lle permitirá pasar se presenta unha temperatura de 37.5 grados ou superior.
- É obrigatorio desinfectar o calzado na entrada da instalación, nunha alfombra habilitada ao efecto.